



NORMAS DE INSCRIPCIÓN NAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA DEPORTIVO DE VERÁN 2018

O Concello de Monforte organiza, para a tempada de verán de 2018, unha serie de actividades dirixidas a que nenos e nenas, rapaces e rapazas, poidan gozar dunhas vacacións activas practicando deporte de xeito saudable. As actividades que organiza o Concello de Monforte e que formarán parte do Programa Deportivo de Verán 2018 son as seguintes:

- Campamento Deportivo de Verán do 2 ó 31 de xullo
- XII Campus de Fútbol Cidade de Monforte – R.C. Celta de Vigo do 6 ó 10 de agosto
- VII Campus de Baloncesto Cidade de Monforte do 27 ó 31 de agosto
- Cursos de Tenis o mes de xullo e agosto

Co fin de regular o procedemento de inscrición en cada unha das actividades que conforman o programa, establécense as seguintes normas:

1. Todas as persoas interesadas en inscribirse nalgunha das actividades que organiza o Concello de Monforte dentro do Programa Deportivo de verán, deberano facer a través da Oficina Municipal de Deportes ou Xuventude, sita nas Casiñas da Compañía en horario de 9:00 a 14:00 h. segundo as seguintes datas:
 - **Campamento Deportivo de Verán:** inscricións a partir do 4 de xuño e coas seguintes datas límite:
 - ✓ Data límite para inscribirse na primeira quincena: 29 de xuño
 - ✓ Data límite para inscribirse na segunda quincena: 13 de xullo
 - **Cursos de Tenis:** inscricións a partir do 4 de xuño e coas seguintes datas límite:
 - ✓ Data límite para inscribirse no curso do mes de xullo: 29 de xuño
 - ✓ Data límite para inscribirse no curso do mes de agosto: 27 de xullo
 - **XII Campus de Fútbol Cidade De Monforte – R.C. Celta de Vigo:** inscricións a partir do 18 de xuño. A data límite para inscribirse na actividade é o 3 de agosto
 - **VII Campus de Baloncesto Cidade de Monforte:** inscricións a partir do 25 de xuño. A data límite para inscribirse na actividade é o 24 de agosto

En todo caso o peche de inscricións en cada unha das actividades realizarase no momento que se esgoten as prazas ofertadas.



Non se aceptarán inscricións por teléfono, correo electrónico ou outro medio que non sexa o presencial nas oficinas indicadas.

2. O procedemento para inscribirse en cada una das actividades é o seguinte:
 - a. Entregar o modelo de inscrición cuberto na Oficina Municipal de Deportes ou Xuventude. Estes modelos poderanse descargar da páxina web do Concello de Monforte ou ben recollelos nas mencionadas oficinas.
 - b. No momento de entregar o modelo de solicitude cuberto faráselle entrega á persoa solicitante dun modelo de auto liquidación para facer o ingreso correspondente na oficina bancaria habilitada para tal efecto.
 - c. O interesado deberá facer o pago do prezo público establecido para cada unha das actividades no prazo máximo de 4 días dende a entrega da inscrición. Se transcorrido ese prazo non se ten feito o ingreso correspondente, a reserva de praza quedará sen efecto.
3. Todas as actividades teñen límite de prazos. Os alumnos serán admitidos en cada unha delas por rigorosa orde de inscrición. No momento que se esgoten as prazas ofertadas abrirase unha lista de agarda.
4. O número de solicitudes que poderá entregar cada persoa por actividade non poderá ser superior a 4.
5. Cada unha das actividades ten uns rangos de idade para poder participar. O alumno/a debe ter cumpridos os anos, tanto no seu límite inferior como superior, dentro do ano 2018.
6. En canto a persoas con discapacidade igual ou superior ó 33 %, poderán participar nas actividades cumprindo os seguintes requisitos:
 - Facer constar a súa condición no apartado que figura no impreso de solicitude.
 - Que no certificado de recoñecemento de discapacidade non se recolla a necesidade de axuda de terceira persoa.
 - Ter capacidade de integración nun grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver.
7. A documentación que se deberá entregar será a seguinte:



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

- Modelo oficial de solicitude da actividade.
- No caso de persoas con discapacidade igual ou superior ó 33 % certificado acreditativo do grao de discapacidade no que quede constancia a non necesidade de axuda de terceira persoa e copia do ditame técnico facultativo emitido polo equipo de valoración e orientación correspondente.
- No caso de que a actividade teña desconto por familia numerosa deberase entregar a documentación acreditativa correspondente expedida polo órgano competente.